

Do teu verdor cinguido

Victorino Pérez Prieto vén de publicar un ensaio sobre ecoloxía na colección de ensaio de Espiral Maior. E son moitas as razóns que poden avalar e aconsella-la súa lectura: a novidade que supón o tratamento de tal cuestión no ámbito ensaístico galego, a urxencia dunha formación e sensibilización no que atinxe á ecoloxía, eiva patente na sociedade galega, a amplitude de perspectivas que aborda ou a orixinalidade das súas reflexións. Lisca Pérez Prieto tanto de toda idolatría naturalista coma dun romantismo baleiro á hora de abordar a ecoloxía. Pero dende o comezo, deixa patente que a súa perspectiva é a dun cristián que reflexiona. E ten a honradez intelectual de recoñecer as madías e atrancos que a propia tradición teolóxica cristiá supón respecto dunha reflexión ecolóxica, tinxida por veces dun espiritualismo que refugaba a materia e mailo mundanal. Nembargantes, sabe tamén situarse naquela

perspectiva hermenéutica que lle permitirá o diálogo franco coa ecoloxía.

Abraiante e abouxante resulta toda a información que ofrece sobre a desforestación no planeta (pasamos de ter en 1950 un 30% da terra cuberta de bosque a tela nun 5%), sobre a desertización (cada ano avanza o deserto unha extensión equivalente á de todo Portugal), sobre a contaminación (globalmente dúplase cada 14 anos). Antes de comezalas súas reflexións recolle e comenta tamén cifras e datos verbo dos problemas da superpoboación, dos mortos de fame ó ano (corenta millóns), da distribución inxusta da riqueza (pois o 20% dos países desenvolvidos desfrutamos do 80% da riqueza mundial). Tamén non esquece, en capítulo á parte, os problemas ecolóxicos que atopamos en Galicia e España. Tras ofrecer este ricaz e tráxico panorama non queda nun maniño pesimismo nin nun doado alarmismo, senón que pro-

pón a busca de solucións. E coido un dos maiores acertos do ensaio o feito de que sitúe esta busca no ámbito da ética. Porque, dende a súa perspectiva realista e totalizante, propón que tanto a política coma a ciencia, a técnica e a mesma economía pasen polo peneiro da ética que senta os seus alicerces nun novo humanismo non prometeico (quere dicir, que substitúa o antropocentrismo que permitía situar o home fronte á realidade material para dominala e asoballala ó seu antollo por un humanismo baseado no respecto e cooperación co contorno material e natural ou, como recolle de Panikkar, unha posición cosmoteándrica. Nin o arruallo prometeico de quen ve a natureza como obxecto de dominio nin cosmocentrismo e sacralización do natural, senón unha ecoloxía humanista que considere que quen atenta contra a natureza atenta contra a persoa e quen atenta contra a persoa destrúe a natureza. Por isto,

Pérez Prieto dialoga coa economía, lugar privilexiado onde hai que atallar as raiceiras da desfeita ecolóxica, analizando o modelo de crecemento e tomando partido non por un ecoloxismo nachamente naturalista e conservador senón por un que poña en primeiro plano a persoa e que reconcilie a cultura coa natureza. Dialoga tamén con aqueles filósofos que manteñen unha perspectiva holística ou totalizante respecto da natureza. E así dialoga fructíferamente con Whitehead ou con Leonardo Boff. Pero, unha vez adoptada esta postura e definido o seu ecoloxismo como humanismo, non pode deixar de tratar, como problema ecolóxico, o da pobreza e o do Terceiro Mundo, nin de dialogar cos feminismos. Nembargantes, se cadra, o máis orixinal do ensaio comeza cando analiza os vencellos da ecoloxía coas relixións e, dun xeito especial, coa xudía e cristiá, acusadas de favorecer co seu antropocentris-

mo, no senso dun señorío asoballador do natural.

Tras amosar o vencello co ecolóxico das primitivas relixións, aclara tamén como na máis enxebre tradición e fe cristiá non hai unha postura de asoballamento e rexeitamento do material senón unha apertura franca á natureza. E para deixalo patente acode a dialogar coas achegas da moderna teoloxía para logo deterse con esmerada análise na que denomina o autor *o verdor da Biblia* onde, por exemplo, interpreta o primeiro mandato bíblico de dominar a terra como un "edificar pacificamente e conservar con dozura e agarimo" para levar todo á súa plenitude. Tras aborda-las achegas de *Tres místicos cristiáns ecoloxistas* (Francisco de Asís, Juan de la Cruz e Teilhard de Chardin) remata o libro coas súas máis alquitaradas conclusións.

Supoñen estas unha nova conciencia ecolóxica, integral e, no que respecta á teoloxía, a substitución dun

Deus dominador por un Deus painaiamigoamante (nisto a pegada de Torres Queiruga é explícita e patente) e superando o dualismo corpoespírito e Deus-creación conectando intimamente a Deus, o cosmos e a persoa e facendo súa a intuición cosmoteándrica de Panikkar. Por estas pinceladas fica claro que este fresco e fluído ensaio titulado *Do teu verdor cinguido. Ecoloxismo e cristianismo* non resulta doadamente cualificable.

Pero tamén que supón unha ricaz e suxerente aportación no campo da ecoloxía, a teoloxía e maila filosofía, *rara avis* no noso panorama literario galego.



X.M. Domínguez